



INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Investigadores do IDIS e SunRock acadan 1.8 millóns de financiamento para proxecto IMPANC

Procura novas estratexias inmunoterapéuticas para o tratamento de cancro de páncreas

O cancro de páncreas conta coas expectativas de supervivencia a cinco anos máis baixas

Santiago de Compostela, 27 de febreiro 2023.- Investigadores do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS) e da biotecnolóxica SunRock Biopharma, participada por Xes Galicia desde a súa fundación en 2014, veñen de acadar 1.8 millóns de financiamento para desenvolver durante os vindeiros 3 anos o proxecto de investigación IMPANC na procura de novas estratexias inmunoterapéuticas para o tratamento de cancro de páncreas. Este proxecto desenvólvese no marco da convocatoria 2022 de “Proyectos de I+D+i en líneas estratégicas”, da Axencia Estatal de Investigación, financiado con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Este cancro é un dos máis graves e de diagnóstico máis tardío, polo é urxente atopar tratamentos máis eficaces e seguros para este tipo de tumor. O proxecto IMPANC pretende avanzar no estudo dunha alternativa terapéutica nova e eficaz utilizando un novo enfoque para comprender os mecanismos moleculares que explican o papel da diana CCR9 no cancro de páncreas.

Así, a biotecnolóxica SunRock Biopharma desenvolveu un anticorpo contra CCR9 que demostrou mellorar a supervivencia, en modelos animais, de diferentes tipos de cancro respecto ás terapias convencionais, o que suporía un gran avance na loita contra esta enfermidade. O novo anticorpo anti-CCR9 podería ser utilizado en combinación coa quimioterapia estándar ou coas inmunoterapias utilizadas actualmente na práctica clínica, ou mesmo como alternativa a estas.

No marco do proxecto IMPANC, no que participan 3 grupos de investigación do IDIS (Oncoloxía médica traslacional-Oncomet, Anatomía Patolóxica e Investigación traslacional en enfermidades do aparato dixestivo), os resultados obtidos ata o momento en modelos animais serán validados polos investigadores do IDIS en mostras de pacientes oncolóxicos e grupos control.

Ao mesmo tempo, desenvolverán estratexias de caracterización de novos biomarcadores que permitan chegar este tratamento aos pacientes mediante técnicas de biopsia líquida.

Cancro de páncreas

No ano 2020 diagnosticáronse 495.773 novos casos de cancro de páncreas en todo o mundo, que se estima aumentarán nun 60% ata 2040. Só en España diagnosticáronse 8.211 novos casos, 56 na área compostelá.

prensa.santiago@sergas.es

tfno. 981 950023 // 629 25 37 54



INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

A pesar de que a supervivencia do cancro duplicouse nos últimos 50 anos, o cancro de páncreas conta coas expectativas de supervivencia a cinco anos máis baixas. Así, a supervivencia a 5 anos por este cancro é do 7%, sendo a terceira causa de morte por cancro en España.

Máis información sobre o IDIS

O Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS) nace en 2008 froito da colaboración entre a Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza (SERGAS) e a Universidade de Santiago de Compostela. O seu obxectivo é identificar e desenvolver novas solucións que dean resposta aos problemas de saúde da sociedade. Cun equipo de máis de 1000 investigadores, 94 grupos de investigación, 29 M€ de fondos e 65 proxectos de investigación captados, o IDIS contribúe co seu labor para incrementar o coñecemento da saúde e á consolidación da innovación no sector sanitario.

Saúdos,

prensa.santiago@sergas.es
tfno. 981 950023 // 629 25 37 54